

1

Mentres contestaba ao seu saúdo íao estudiando. O primeiro paso era facer que se sentise cómodo e comezase a falar para facilitarlle as pistas sobre o seu problema.

—Por que está aquí?

O home dubida antes de contestar. Sentiría probablemente a brusquidade da pregunta.

—Non o sei, supoño que procuro axuda. É a primeira vez que acudo a unha profesional, ben, a unha psiquiatra.

Pronuncia a palabra "psiquiatra" nun certo ton desafiante. Agarda un pouco para ver o efecto que produce e tamén para situárense cada un nos seus límites, para definiren os respectivos territorios.

—Un amigo recomendouma. Ben, non perdamos o tempo. Non creo que vostede nin ninguén me poida axudar, porque quizais non necesite axuda. Daquela, que fago aquí? E se veño a divertirme? E se me dixeron que vostede era unha persoa moi atractiva?

Fai unha pausa teatral. Aínda está a procurar dominar a situación, a delimitar o seu papel.

—Sempre está alí onde hai mulleres atractivas?

Agarda antes de contestar, parecendo conter o sorriso, pero a tranquilidade e o dominio de si son patentes no seu rostro.

—Vexo que se pon nun ton moi serio. Dígame unha cousa, vostede ten experiencia niso, as psiquiatras teñen tendencia a namorarse dos seus pacientes?

—Pode suceder, mais non se apure, non é este o caso. Ten vostede moito interese en coñecer o mundo da psiquiatría?

—Non, en coñecela a vostede.

—E a mellor maneira de coñecer a alguén é entrar directamente provocando, non? Que papel espera que eu represente?

Acena coas mans mentres sorrí. El sabe que se a fai entrar na conversa rematará conquistando o seu territorio. Pretende, pretensión absurda, un diálogo entre iguais. Non quere sentirse o paciente acomplexado e temeroso diante da psiquiatra.

—Equivócase, non son un director de teatro. Non espero nada. Vai ser vostede mesma quen precisará inventarse un papel...

—Isto non é ningún xogo. Son a psiquiatra que intenta axudar ao paciente. Non hai máis.

—Por que emprega ese ton tan agresivo e cortante? Non me interrompa, son o paciente, deixe que fale. Ten a cualidade de desconcentrarme. Creo que unha boa psiquiatra non debe facer iso. Claro que é posible que así libere todas as fantasmas, porque, os dous sabémolo, todos temos fantasmas. Perdón!, vostede non, vostede é psiquiatra -a ironía axúdalle a acadar a distancia que cre necesaria para soste esa tensa igualdade coa

muller, que o olla intentando manterse inexpresiva no seu papel de profesional.

—Xa ten unhas cantas frases para clasificarme... entre os tolos que se cren normais, os que van de provocadores, os que se cren moi intelixentes ... Por que non me pregunta a que me dedico ou que motivou a miña presenza hoxe aquí? Non, claro, o primeiro é que eu me sinta cómodo, distendido. Que técnica máis orixinal!

Xulia pensa que había tempo que non se cruzaba cun tipo tan cínico. Non lle contesta, diríxelle unha ollada que pretende ser comprensiva e agarda que continúe a falar.

—Quen debe falar son eu, non? Pois son pintor, artista, divorciado, teño unha filla (anote na súa ficha que se chama Iria e que ten 20 anos); eu teño 45 e vostede debe ter, digamos 39... ou 40. Perdón!, non debo falar de vostede senón de min.

Parece estar actuando para todos, para ela, resumo dun mundo cheo de espectadores, pero tamén para si mesmo.

—Que, xa sabe o que me pasa? Quere máis datos? Pois ben: convivín cunha muller despois do divorcio pero saíume mal e impliquei a Iria sen pretendelo... 'traumeina'. Estou pasando unha etapa difícil, sobre todo na relación coa miña filla.

No aire queda vibrando a última frase mentres desvía o ollar pola mesa e as cadeiras para detelo nun gravado pendurado na parede á esquerda da sala. Cos ollos perdidos continúa a falar.

—Son retraído, non o parece, verdade? Pensará que son o típico artista excéntrico, pero non. Teño problemas de insomnio, e mellor así, porque cando durmo teño soños moi estraños e, ademais, encántame interpretalos.

A muller admírase do seu dominio da técnica teatral. Dedícase a observalo sen disimulo.

—Estou aquí porque me dixeron que vostede non era unha psiquiatra convencional.

—Por que está actuando para min?

—Ah, vostede tamén sabe falar, que interesante! Sabe que penso? Que quere saber de min, pero non vai saber nada, vou xogar, encántanme os xogos. Que bonito isto de espirse diante dunha descoñecida, que atractivo, que morbo! E se non quero contarlle nada, que fago aquí nesta consulta?

Xulia pensa que con este home debe esquecer as preguntas habituais. Séntese desafiada e decide falarlle de igual a igual, con cinismo, sarcasmo, hipocrisía, para ver a súa reacción. É unha loita verbal entre ela e o novo paciente.

—Ben, quizais vostede non necesite unha psiquiatra. É libre de marchar. Son tan pouco convencional que, se marcha agora, non lle cobro a consulta.

—Oh, que dura, que ben está no seu papel! Quizais estea agresivo pero, se quero, tamén podo xogar o papel de vítima. Verá que ben o fago! Son un cínico. Pois si! Estou moi mal, só teño ganas de chorar, e sabe por que? Porque non atopo unha muller coma min, a quen lle goste xogar, provocar, vivir.

Facendo caso omiso das súas palabras, Xulia pretende extraer dese torrente verbal os motivos da súa conducta, o porqué de procurar a axuda dunha psiquiatra.

—Por que se separou desa muller?

—De cal, da primeira, da segunda ou das anteriores? Da primeira xa vai para moitos anos, non creo que importe; da segunda, non o sei, pero si sei que desde que a coñecín, Iria comezou a comportarse dun xeito raro. Non me falaba, discutíamos por tonterías. Meteuse en si mesma como reprochándome algo. Quizais estea aquí por iso.

—Como era esa muller?

—Preciosa!

Fica calado ollándoa ironicamente. Pretende confundila como se ese "preciosa" tamén fose dirixido a ela.

—Durou moi pouco, menos dun ano. Cansou de xogar, e iso que estaba na idade, supoñendo que haxa unha idade propicia para facelo. Tiña 20 anos. Si, xa sei, ciúmes, case a idade de Iria, complexo de Electra ...

—Xa se diagnosticou vostede. Pode facer tamén a receita. Algo para durmir, distracción... Se algunha vez necesito un psiquiatra pedireille cita.

Mira para Xulia e sorrí, non esperaba esa resposta.

—Non sei se quererá volver, pero se o fai podería traerme escrito algún dos seus soños, eses tan estraños que só teñen os artistas. Ás psiquiatras encántanos analisalos. É como ler un libro, pasan cousas tan interesantes, máis interesantes que na vida real. Porque, sabe escribir, non?

Sorrí, pero dun xeito cómplice. Os dous senten que acaba de caer unha barreira. Alexandre vive as palabras dela como un pequeno triunfo. Ese ton irónico, inesperado nunha psiquiatra, fai que se sinta cómodo, de igual a igual.

I :
1 :
—Gústame o xeito que ten de meterse comigo. Sabe xogar, é intelixente. Creo que volverei, aínda que non porque pense que pode curarme senón porque o paso ben. E se non teño cura? E se non necesito que me curen?... Ah!, penso pagarlle aínda que non volva.

Agora é ela quen sorrí. É un home tan cínico que ata lle resulta atractivo. Óllanse en silencio co sorriso nos beizos. O tempo parece deterse. Pouco despois acompañao ata a porta.

—Xa sabe, se quere volver terá que pagar, son unha profesional.

Sae sen dicir nada e Xulia non pode evitar, cando fica soa, un sorriso sen motivo aparente.

2

Alexandre está diante do lenzo en branco, xa preparado. Tanto que expresar e é todo tan difícil! O cadro diralle o que quere comunicar. Será el quen comece o tema da conversa e quen decida a forma de conducila. Pensa que a pintura é iso, unha conversa en que non se ve o interlocutor e en que as ideas e os sentimentos están á vista. Non existe o son, non hai esa organización do pensamento racional, nin esa mentira inmensa dos conceptos asociados ás palabras. A imaxe é moito máis e tamén moito menos. Moito máis porque presenta a verdade, ou polo menos unha verdade, a do pintor, a do propio Alexandre pintor. Pero tamén é moito menos porque a mentira ausente dos seus cadros é a vida e é por esa razón pola que nos agarramos ás palabras. Agora estao facendo. Quizais por iso pase temporadas sen pintar: a verdade sorpréndelle, libérao da vida, rompe o seu sentimento en mil anacos facéndolle esquecer as palabras mentres sente a cor, a liña, o trazo, a composición, a perspectiva. Quere pintar un retrato de Xulia pero a súa pretensión é irracional, non sabe como é ela. Aínda que sente o seu interior, non o pode racionalizar sen convertelo en algo esquemático, falto de vida. Sabe que debe deixar falar as súas mans, os seus dedos, que mancharán o lenzo, crearán o fondo de cores en gradación do que irán emerxendo as luces do seu rostro. Non pode ser doutra forma.

1 :
2 :
Pensa na consulta desa tarde e só é capaz de lembrar uns ollos, un rostro que pretendía ser inexpresivo, propósito imposible, e sente a situación vivida entre as catro paredes como unha escena dun cadro de Munch, como unha representación expressionista da incompreensión entre as persoas. Pero é inxusto, nalgún momento sentiu ese contacto que só se dá en contadas ocasións entre a imaxe e o seu sentimento íntimo, iso que procura representar nos seus cadros e que algunha vez consegue, ese conxelar o momento, ese espigar da pel só presente na pintura ou no namoro.